

**DIRECCIÓN DE PROCESOS DE ENFERMERÍA DA ESTRUCTURA DE XESTIÓN
INTEGRADA A CORUÑA**

**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE PRAZA DE "TEL" NO LABORATORIO DE
INMUNOLOXIA**

As Bases vixentes reguladoras do concurso de mobilidade interna asinadas no ámbito da Mesa Sectorial de Sanidade de 23 de decembro de 2009, así como o acordo asinado no Complexo Hospitalario de A Coruña en data 29 de xullo de 2010, amparan a provisión, en casos especificamente xustificados e logo da negociación coa Xunta de Persoal, de determinados postos que requiran singulares niveis de cualificación.

Ante a necesidade de otorgar estabilidade ao posto debido as súas especiais características, a Dirección de Procesos de Enfermería da EXI A Coruña entende a necesidade de convocalo de xeito extraordinario e

RESOLVE

A convocatoria dun posto de TEL no Laboratorio de Inmunoloxía, conforme ás seguintes

BASES:

Primeira : Características do posto que se convoca

- Denominación: **TEL Laboratorio de Inmunoloxía**
- Ubicación: **Hospital Teresa Herrera**
- N° postos vacantes: **1**
- Quenda de traballo: **Fixa (M)**
Localización Busca OCT

Segunda: As bases da convocatoria serán ás común para os procesos de mobilidade interna voluntaria que se celebran no Complexo Hospitalario de A Coruña coas especificacións que se sinalan na presente convocatoria.

Terceira: As solicitudes presentaranse mediante escrito dirixido á Dirección de Procesos de Enfermería **no prazo de dez días hábiles** a contar dende a data de publicación da convocatoria nos taboleiros dos laboratorios e na páxina do Espazo Profesional.

Xunto coa solicitude presentaranse os méritos que pretenda facer valer, sinalándose que non será necesario presentar acreditación dos méritos que xa consten presentados no expediente-e.

**Complexo Hospitalario Universitario
A Coruña**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Cuarta: ante calquera cuestión non recollida nesta convocatoria estarase ao regulado nas bases de mobilidade interna asinadas o 29 de xullo de 2010 entre a Dirección do CHUAC e as Centrais Sindicais e subsidiariamente aplicaranse as disposicións contidas na Lei 30/1992 do 26 de novembro do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992 de 26 de novembro do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, Recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación.

A Coruña, 10 marzo 2015

XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA



SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Xerencia de Xestión Integrada
A Coruña

XERENCIA

Asdo. Francisco José Vilanova Fraga

Xerencia de Xestión Integrada

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña

DILIXENCIA

Para facer constar que con esta data publícase no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña (Hospital A Coruña, Xubias de Arriba 84) a resolución pola que se publica a convocatoria extraordinaria dun posto de “TEL” no laboratorio de Inmunoloxía no Hospital Teresa Herrera.

A Coruña, 17 de marzo de 2015

O Director de RR.HH.

Asdo. Manuel Gómez López



Xerencia de Xestión Integrada

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña